



# GALIZA, UNHA TERRA DE EMIGRANTES

Cando comezamos o traballo pensamos que ía ser un de tantos, ata que o asunto se complicou: había que buscar fotos, documentos ou obxectos relacionados co tema ; elixir poesías, localizar un emigrante e entrevistalo.....

O resultado final foi exposto nunha mostra que fixemos no IES.

Era, como dicía Carlota , un traballo feito por nós e colocado aquí . Que emoción!! Pero foi algo máis e todos aprendemos cousas, diferentes , pero igualmente valiosas.

- Falei con miña nai un anaco grande e díxome.....
- Divertínme moito , Manolo era moi gracioso.....
- Meu avó contoume historias que nunca me conta-

ra....

Ao final entendemos un pouco mellor que Os Nossos sempre foron emigrantes, que nós é posible que o sexamos algún día, pero tamén nos ensinaron a comprender un pouquiño máis a aqueles que veñen de lonxe, que traballan aquí, e igual que a Nós nos chamaban, chamámoslles : Inmigrantes!!

Isto é unha mostra das opinións, lembranzas... que recollemos.



DIEGO, CARLOTA, XISELA, DAVID...NO NOME D@S ALUMN@S DE 2º DA ESO.

## Modelo de Entrevista

### Como se chama vostede?

Eu son Manolo, Manolo do Sony. Eu son mundial. Chamándome Manolo do Sony coñécenme todos.

### Cantos anos ten?

Cinquenta feitos.

### Sei que vostede emigrou. Podería dicirme a onde marchou? Cando?

Eu marchei o 13 de febreiro do 1971 a Suíza.

### Como fixo a viaxe?

En avión

### Por que marchou? Foise só?

Porque había tres vacas, os bens de arrendo, catro fillos e a avoa na cama. Si, fun só, ía máis xente no avión, pero fun só.

### En que traballou?

Na hostalería

### Foille doado acostumarse á vida aló?

Foi duro, pero fóra falan como os de aquí.

### Como o acolleron?

Moi ben, acolléronme moi ben.

### Que lle chamou a atención?

Aqueles "chuletóns" que comían os suízos con botellas de viño de reserva do ano cincuenta e pico e coa botella dentro do cesto e aqueles coches que tiñan e aquelas cousas cando aquí non había estradas.

# GALIZA, UNHA TERRA DE EMIGRANTES

## Con quen se relacionaba?

Cos suízos, cos clientes, cos compañeiros, coa xente de paso...

## Lémbrese dalgunha anécdota en concreto, de algo curioso que lle ocorrera aló?

Cando as amigas se preñaban, había que levalas ao xinecólogo.

## En que ano volveu?

No noventa

## Por que volveu?

Porque botaba moito de menos o pobo de Melide.

## De ter posibilidade, non lle gustaría quedarse aló?

Eu podía quedar, integreime aló.

## Como valora en xeral a súa experiencia? Aspectos positivos, negativos...

Positivo. Que o mundo non remata na estrada de Agolada, aínda segue máis aló. Sempre hai posibilidade de abrirse ao mundo.

Moitas grazas.



DAVID MÉNDEZ MARTÍNEZ A MANOLO DO SONY

## Lembranzas da viaxe

A viaxe de Caracas a Brasil, doce horas nun avión trimotor, unha carraca que collía máis fochas ca un carro nunha corredeira e voaba tan baixo que case rozabamos a selva, quilómetros e quilómetros de selva, non tiña fin.

HIPÓLITO

A viaxe foi moi incómoda, debido á súa duración, xa que foi en barco e durou vinte e seis días.

MANUEL

A viaxe fíxena en tren coa miña filla de tres anos, nove paquetes e un baúl; no baúl levaba roupa e na roupa ía escondida a carne do porco que mataramos.

O meu home levaba aló quince días e veume buscar á estación. Eu tiña que facturar moitos paquetes e non me deixaban levar tantos; a xente que non levaba ningún colliao e facturábao como seu.

AMPARO

A viaxe fíxemola en barco e levounos mes e medio de Vigo a Bos Aires.

Jesús

A viaxe fíxena en bus, dende Pontevedra ata Lugo, logo en tren ata Hendaia, a continuación en tren de novo ata Francia (Calais) e por último nun barco chamado "El Canal de la Mancha" ata Inglaterra.

MARÍA DEL CARMEN





# GALIZA, UNHA TERRA DE EMIGRANTES

## Cando chegou, que lle chamaba a atención?

Os ladróns, sen dúbida ningunha; había moitos, non te podías despistar. A min roubáronme dúas veces. ¡Aquilo era terrible!

Non lle chamou a atención nada. El só ía a traballar!

Que non comeran pan ao mediodía!

As cubanas!!

A limpeza das rúas, e sobre todo a honradez da xente, tamén que os bares pechasen máis cedo, e pola noite non había barullo nas rúas.

O que máis lles chamou a atención foi o desenvolvemento xeral, a todos os niveis, (social, económico...); aquela sociedade e modo de vida era impensable en Galicia naqueles anos.

A forma de vida que levan en relación á familia. Non hai concepto de familia. Eu cheguei a coñecer familias de 23, 24 e máis fillos. Os pais non coñecían case nin á metade, xa que cando cumprían a maioría de idade facíanlle unha casa, marchaban e non os volvía ver.

## Anécdotas que lle ocorreron

Un amigo veu a España de vacacións e, cando quixo volver, faltábanlle tres días para que lle entregaran o seu novo permiso de traballo; na aduana controlárono e mandárono de volta a España, e pasados os tres días tivo que volver pagar o billete do avión para ir a Suíza.

JULIA.

A prensa estaba na rúa, enriba dunha mesa, debaixo duns soportais e ninguén levaba un periódico sen deixar a moeda do importe correspondente, isto facíase así porque non había "quiosqueiros" e sêvenos de referencia para darnos unha idea da educación cívica na Suíza receptora de emigrantes.

JOSÉ E SIRA.

A miña muller deu a luz á nosa filla na maternidade Pública de Caracas. Cando os médicos trouxeron a nena entregáronnos unha criatura negra como o carbón (con perdón). A miña muller non quixo collela e berrou: ¡Iso non é meu! A miña nena é branca e ten unha cinta na moneca que di: M<sup>a</sup> Teresa.

Os médicos e as enfermeiras ríronse de nós, pero á miña muller non hai quen lle quite da cabeza que se querían quedar coa nosa nena

HIPÓLITO

No 1958 vin a España. Deixoume o barco en Vigo, e cando collín o tren para chegar aquí



# GALIZA, UNHA TERRA DE EMIGRANTES

houbo un incendio, toda a miña equipaxe ardeu e incluso eu tamén me queimei un pouco.

*Jesús.*

En 33 anos ocorren moitas cousas, pero na viaxe de ida o revisor dixo que o baúl pesaba moito e que non podía levalo; preguntoume se levaba comida e díxenlle que non, que só levaba roupa e que se quería podía mirar (eu levaba alí a carne da matanza escondida, xa que non se podía) O revisor apuntou no baúl cun lapis; "revisen al desembarque".

Nunha estación baixeime un momentíño e merquei unha goma e borreino.

*AMPARO.*

Unha cousa que me ocorreu alí foi que ía pola rúa cos amigos e tireille polo rabo a un can e a señora chamou á policía e multáronme e tiven que pagar 50 francos.

*José.*

Atopeime alí en Alemaña a un veciño que había moito tempo que non vía, xa que el emigrara antes ca min.

*José Luis.*

Cando cheguei por primeira vez ao apartamento, que ía compartir cun señor, eu ía cuns compañeiros e na porta poñía o nome do señor. Poñía Ramón, e un compañeiro dixo: "Só faltaba que fose Ramón Román Romero" ¡Chamábase así! Unha casualidade, non se cre.

*ELADIO.*

Coñecín ao xogador de fútbol "Pelé", que falou comigo despois dun partido.

*JOSEFA.*

Nunha peza de teatro un home facía que lle pegaba á muller, entre o público había unha señora que viñera de Galiza que nunca fora ao teatro e pensou que era certo o que ocorría no escenario e berrou: "¡Dios mio, sáquenlla de diante que a vai matar"!.

*MODESTO.*

No coche de liña, que collera en Melide. Acórdome de unha anécdota que, indo cara aló, saquei os zapatos porque así ía máis cómodo, e botei unha sesta. Cando espertei, os zapatos estaban xa na dianteira do autobús, e os que ían diante de min, tiveron que pasarmos. Os meus zapatos percorreron a fila enteira, de volta ata min.

*MANUEL.*

## Expresións relacionadas co tema:

- A emigración: ¡Paréceme mellor ca estar coas vacas!
- A emigración: Foron os mellores anos da miña vida!
- A emigración: Foi tempo perdido!
- A emigración: Non hai terra coma na que un se cría!





# GALIZA, UNHA TERRA DE EMIGRANTES

## Valoracións da experiencia

Na emigración non hai case nada positivo, só unha cousa: Tiven saúde para traballar durante tres anos sen descansar nin sequera un día e traballar de 15 a 16 horas diarias, ás veces máis.

HIPÓLITO

Vivín a miña xuventude nun país moito máis avanzado que España naquel momento. Coñecín ao meu home. Ao volver había cousas que me sorprenderan e agora tamén, porque moito do que se está a vivir aquí xa o vivín naquela época.

AURORA

Valóraa positiva, porque aprendeu a tratar outras persoas con distintas ideas e diferente forma de vida.

JULIA

Atopei alí a miña muller...

JESÚS

Deixei a miña terra. Aprendín que por moi ben que fixeras o teu traballo, foras correcto e demais, nunca te deixan de ver como unha persoa que necesita dos de alí para vivir, por iso entendo e respecto aos emigrantes que hai hoxe no noso país.

AURORA

Eu creo que ninguén debería marchar da súa terra natal xa que cando un se vai, toda a vida é estranxeiro, tanto na terra que o acolle como cando volve, porque despois de pasados os anos, a xente da túa idade mudouse a outro lugar e case non coñeces a ninguén.

MILAGROS

A viaxe, porque no barco entraba auga e morreu moita xente.

LUIS

Non terse quedado aló é o único negativo que Jesús saca da experiencia.

